

A desaparición da cultura obreira

Irvine Welsh e as secuencias dos *skagboys*

JOAQUIM VENTURA

Se na Europa continental aínda resiste, mal que ben, o Estado do benestar, tal supervivencia está chamada a ser efémera. O modelo para dinamitalo é o Reino Unido, onde foi sentenciado desde que os tories, con Margaret Thatcher á cabeza, gañaron o goberno ao primeiro ministro socialista James Callaghan en 1979. A súa teima contra a folga dos mineiros entre 1984-1985 deixou feridos de morte os antes poderosos sindicatos agrupados nas Trade Unions. A deriva acomodaticia da socialdemocracia europea –comezando polo New Labour de Blair– non fixo senón asinar o certificado de defunción da industria como motor da economía, excepción feita de Alemaña.

Por se non abundase a deslocalización produtiva –primeiro á Europa do leste, despois á China– que deixou as porcentaxes de poboación obreira en taxas case marxinais, a contracultura neoliberal demonizou-na, facendo que tal condición pasase a ser vista como un estigma. Hai algo máis de quince anos aínda había posibilidades de erguer o orgullo obreiro polo traballo ben feito e pola esperanza de futuro (lembramos a reivindicación que diso había en *Full Monty* ou na contestación punk).

Welsh retrata en Skagboys a desfeita da mocidade traballadora

Porén, hoxe a hexemonía da televisión fixo da ridiculización dos obreiros sen traballo un fío argumental. É o que denuncia Owen Jones, historiador e columnista de *The Guardian* nacido en Sheffield (1985). As series de humor e mais os realities show –como *Little Britain*– sitúan no medio e medio da acción o menosprezo contra esa mocidade sen traballo e sen esperanza alcumada como *chavs* (que ben podería ter unha orixe xitana: chaval), *scunner* (Escocia), *steek* (Ulster) ou *spide* (Irlanda) e que entre nós poderíamos choniar como “ni-nis” ou “chonis” se falamos de rapazas.

Owen Jones pon en evidencia que o discurso dominante incorpora a culpa contra esa poboación obreira terminal por vivir dos subsidios, mentres as clases medias pauperizadas seguen a traballar oito horas, esquecendo –os neoli-

berais– que os ricos nunca o foron tanto. Unha situación que leva a eses desafiuzados a renunciar a axudas ás

que terían dereito, simplemente porque lles resulta vergonzoso sentirse sambugas sociais.

Outro persoeiro que tamén alerta desta situación é o escocés Irvine Welsh, o autor de *Trainspotting*, que

agora ven de publicar *Skagboys*. Welsh defínese como independentista, pero sen ser nacionalista escocés; para el é a única vía para salvar o Estado do benestar. Proclama que os mozos e as mozas de orixe obreira, se estudan a conciencia, poden aspirar coma moito a deixar o paro para acadar a subocupación.

Unha mocidade de comportamentos antisociais e que atopa no comercio de drogas polo miúdo a única posibilidade de “emprende-

doría”, vencidos como están polo alcohol. Unha situación da que non escapa tampouco a mocidade pequeno burguesa, que ata hai uns anos podía estudar nas universidades e hoxe malvive con salarios que anos atrás non aceptaría nin un obreiro non cualificado.

Coa coartada de facer fronte á crise, as universidades están novamente lonxe de acoller a mocidade de orixe traballadora. Subiron as taxas, retallaron as bolsas e os fillos dos sectores elitistas estudan nas universidades privadas mentres as públicas fican baleiras e empobrecidas.

Xa non funciona o censor social que era o estudo. Os salarios dos novos licenciados eran, hai aínda uns poucos anos, de escándalo mileurista. Hoxe, con unha migalla de sorte, son de traballo a tempo parcial.

Se procuramos a idade media dos afiliados aos sindicatos en España atoparemos que a maior franxa se sitúa entre os 45 e os 54 anos. Non esquezamos que a taxa de afiliación está lixeiramente por riba do 15%, unha das máis baixas da OCDE, que entre os mozos apenas chega a o 7%. Unha paisaxe de derrota que chegou para quedarse para sempre.



O escritor escocés Irvine Welsh.



Seareiros do Liverpool.



Cartel de *Trainspotting* (1996).

Aqueles partidos dos domingos

Unha das principais manifestacións festivas dos traballadores era o fútbol. O seu desenrolo en Europa foi parello ao aumento da masa obreira nas poboacións industriais. As cores do equipo do barrio ou da cidade eran un aglutinador que se situaba por riba das diferenzas ideolóxicas ou relixiosas. Os sábados nas Illas Británicas e os domingos no continente, para asistir aos partidos cumpría elixir club e iso estaba moitas veces condicionado polas orixes familiares.

En ningures como en Inglaterra, onde os equipos de camiseta vermella (Liverpool, Manchester Utd., Arsenal, West Ham, West Bromwich Albion) simbolizaban o orgullo obreiro fronte aos equi-

pos dos ricos, normalmente equipados de azul (Everton, Manchester City, Chelsea). Máis perto de nós, temos un contraste semellante entre o Porto FC e o Boavista FC.

Sen embargo, hoxe o exercicio de seareiro está condicionado polos propietarios dos clubs. Todos van de ricos e ás veces son unha engrenaxe máis das finanzas e dos negocios: vender camisetas, tirar plusvalías dos traspasos de xogadores, cando non unha vía de evasión fiscal ou de tirar cartos irregularmente. Por non ter, os obreiros xa non teñen nin o fútbol dos domingos. Ulos aqueles UP Langreo, Avilés, Racing de Ferrol, Indautxu? Por sorte aínda queda a SD Eibar